

## PLANO TIC IES RAFAEL PUGA RAMÓN

### ÍNDICE

1. Xustificación do proxecto e situación actual.
2. Obxectivos do Centro para o plan Tic :
  - 2.1. Obxectivos a curto prazo.
  - 2.2. Obxectivos a longo prazo.
3. Desenvolvemento do proxecto en cada Departamento.
4. Avaliación.

## 1. Xustificación do proxecto e situación actual.

O I.E.S Rafael Puga Ramón é un centro público, dependente da Deputación Provincial da Coruña) no que se imparten a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. Está situado preto da estación de Ferrocarril, nunha área cara onde está crescendo a cidade. Actualmente o claustro está constituído por cincuenta profesores, dos cales moitos non teñen destino definitivo.

Nos últimos anos as infraestruturas TIC do centro transformáronse nos seguintes aspectos:

- As dependencias do centro cabreáronse hai uns anos, iso permitiunos ter acceso a internet en diferentes partes do edificio . Coa implantación dunha rede WiFi máis recentemente melloraron as posibilidades do uso das novas tecnoloxías.

- A través do programa SGD (Sistema de xestión docente) é posible facer un seguimento tanto por parte dos profesores coma dos pais da marcha do alumnado (faltas, rendemento académico, disciplina..) a través de Internet.

- Na administración do centro o cambio máis significativo foi a implantación de Xade-web, co que se comezou traballar no curso 2009 así como o feito de lograr a compatibilidade do SGD co Xade-web

- Para mellorar a información instalouse neste curso unha pantalla na entrada para anunciar as actividades diarias (taboleiro de anuncios dixital) e proxectar presentacións.

- No curso 2007-08 comezou a funcionar a nosa páxina web : <http://www.iespugaramon.com/ies-puga-ramon/>

Por todo o anterior e dende este curso, no horario de algúns profesores, fíxose necesario incluír unha dedicación para as tarefas de mantemento informático.



### **Aula de informática**

Esta dotada de 22 ordenadores e unha pantalla dixital. O profesor pode controlar dende o eu ordenador, gracias a un programa instalado no mesmo, o traballo que están facendo os alumnos nos seus equipos.

### **Aula Esther Iglesias ( laboratorio de idiomas)**

Utilizamos as TIC para aprender as linguas estranxeiras con software específico, ademais de visitar sitios web deseñados para a aprendizaxe de idiomas, atendendo á diversidade de niveis do alumnado.





### **A biblioteca**

Temos ordenadores cos que os alumnos poden buscar información e acceder a outras bibliotecas na procura dos libros que no se atopen na nosa. Conta tamén cunha pantalla dixital

### **Recursos para profesores**

Tanto na sala de profesores como noutra próxima os docentes dispoñen de 7 ordenadores para realizar o seu traballo (preparación das clases, actualización da páxina web, seguimento do SIG...). O Centro posúe uns poucos portátiles para usar naquelas aulas non dotadas de equipos fixos.





### Aulas con pantalla dixital

Múltiple, Aula 200, arte  
Nelas instaláronse equipos fixos conectados ao proxector o que facilita o uso das TIC. No curso 2009-2010 contaremos con instalacións do mesmo tipo nos cursos de 1 da ESO e nunha das aulas de diversificación.

### Aula de tecnoloxía

A dotación de ordenadores na aula permite facer simulacións e completar así o traballo no taller.



### Sistema de xestión docente

Permite que as familias e profesores poidan facer un seguimento diario do proceso de aprendizaxe dos rapaces a través da rede.

- Os datos que recollemos nas páxinas anteriores variarán nos próximos meses xa que estamos a mercar novos equipos e outros tipos de dotacións informáticas. É polo tanto posible que no futuro haxa que variar a distribución en función das nosas necesidades.

Ao comezo do curso 2008-09, ante a necesidade de redactar o proxecto Tic do Centro, pasouse unha enquisa aos profesores para coñecer a situación dos Departamentos (nº de profesores cos coñecementos necesarios para poñer en marcha o programa, necesidades de formación, material que se precisaba...)

Os resultados indican que a meirande parte do profesorado ten coñecementos de informática a nivel de usuario. A Deputación organiza todos os anos varios cursos de ofimática polo que aqueles interesados poden asistir. Os membros do claustro están interesados en mellorar os seus coñecementos no manexo da páxina web, multimedia (fotografía, áudio, vídeo) e programas específicos das diferentes materias. Por elo temos solicitado para o curso 2009-2010 actividades de formación.

Cos feitos relatados é obvio que:

No IES Puga Ramón existe un interese por ofrecer o ensino que a sociedade actual reclama.. Agora cómpre manexar recursos que fomenten a participación do alumnado e empregar unha linguaxe de comunicación máis afín á súa realidade. Os docentes deben adaptarse e formarse no uso das TIC

As novas tecnoloxías non son unha materia illada, deben aplicarse en todos os ámbitos do coñecemento e, sen excluír os métodos tradicionais, dotan ós seus usuarios dunha maior autonomía, aumentan as posibilidades didácticas do profesor, permiten un ensino máis personalizado e favorecen o traballo en equipo.

Neste novo camiño demos o primeiro paso ; agora cómpre formar o profesorado para que o grupo que a emprega nas aulas sexa cada vez máis numeroso e así chegue á totalidade do alumnado e das materias impartidas.

## 2. Obxectivos

### 2.1 Obxectivos a curto prazo:

- 2.1.1. Familiarizar o profesorado co uso do ordenador como unha ferramenta máis no desenvolvemento do currículo.
- 2.1.2. Facilitarlle o acceso ás TIC á nosa comunidade educativa, especialmente aos alumnos e ás familias que pola súa situación económica non teñen nos seus fogares estes recursos.
- 2.1.3. Converter os medios telemáticos (web, correo electrónico, SMS,....) na principal vía de comunicación do noso centro.
- 2.1.4. Garantir a seguridade da información e o cumprimento das directivas legais marcadas pola lei de protección de datos.
- 2.1.5. Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC.
- 2.1.6. Potenciar o traballo en equipo xa que o uso das TIC axuda a favorecer as relacións interpersoais e a adoptar actitudes de cooperación entre os alumnos facilitando así a integración.
- 2.1.7. Proporcionar aos alumnos a motivación axeitada para o desenvolvemento de competencias e capacidades, pasando de ser receptores pasivos de información a ser produtores activos do seu propio coñecemento.

### 2.2. Obxectivos a longo prazo:

- 2.2.1 Incorporar as TIC á docencia en aulas (xa sexan informáticas ou non) mediante a rede WiFi e os portátiles.
  - 2.2.2 Facilitar a docencia virtual completando así a atención nas aulas mediante iniciativas como a páxina WEB.
  - 2.2.3 Acadar graos adecuados de competencias TIC na nosa comunidade educativa.
  - 2.2.4 Colaborar e compartir experiencias con outros centros.
  - 2.2.5 Implantar planos de mellora no uso das TIC.
  - 2.2.6 Desenvolver pequenos proxectos aplicables á práctica docente (webquest)
  - 2.2.7 Modernizar as aulas dotándoas de tableiros dixitais.
-

### 3. Desenvolvemento do proxecto en cada Departamento

---

#### DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

##### PROPOSTA METODOLÓXICA.:

As TIC permiten tanto aos profesores como aos alumnos adaptarse ao mundo actual onde xogan un papel moi importante en todos os ámbitos da vida cotiá das persoas, logo a súa incorporación na aula favorece o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ademais as TIC permiten a elaboración de actividades dirixidas a unha aprendizaxe interactiva mediante a investigación e selección de información. Permiten, dados os recursos dispoñibles, a canalización de moitas actividades a través da páx. WEB do noso centro.

##### OBXECTIVOS:

Dende o DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA preténdense alcanzar os seguintes obxectivos:

##### OBXECTIVOS A CURTO PRAZO:

- Facilitar o acceso ás TIC dos alumnos para favorecer a motivación e o autoaprendizaxe
- Converter os medios telemáticos na principal vía de comunicación entre profesor e alumno
- Potenciar o traballo en equipo mediante o intercambio de información

##### OBXECTIVOS A LONGO PRAZO:

- Incorporar as TIC na aula dun xeito crecente
- Potenciar o uso da páxina WEB do Centro
- Contribuír á diminución do uso do papel mediante o envío por correo electrónico de determinados exercicios e actividades sen necesidade da súa impresión
- Desenvolver nos alumnos/as unha actitude crítica respecto da información atopada na rede e a súa fiabilidade

##### ACTIVIDADES:

- Acceder ao portal de Educación Cívico Tributaria da Axencia Tributaria para coñecer os impostos
- Comparación entre países das distintas magnitudes macroeconómicas coa información obtida a través da rede

- Interpretación e análise de viñetas económicas e de índole empresarial recompiladas na rede
- Interpretación e análise de artigos de prensa e revistas especializadas obtidos de internet
- Debates e traballos sobre programas de TV e Youtube así como de anuncios publicitarios
- Elaboración de PowerPoints de algunha unidade didáctica que recolla esquemas, fotos, gráficos, etc. da mesma
- Utilización do material TIC complementario ao libro de texto proporcionado pola editorial
- Utilización de WebQuest para a realización de traballos relacionados con determinados temas como a inmigración, o desemprego, o impacto medioambiental da actividade empresarial, creación de empresas, etc.
- Acceso a enlaces de interese para completar distintos temas, tanto de actualidade como dos recollidos nos temas da programación
- Utilización de vídeos e películas para o desenvolvemento de determinadas partes da materia
- Utilización do encerado dixital para o estudo das gráficas de oferta e demanda, custos e ingresos, exercicios do PIB, RN, PNN, etc..
- Acceso a páxinas WEB con proxectos emprendedores

Beatriz Vázquez Franco  
Dpto. Economía

## DEPARTAMENTO DEBUXO

### NOVAS TECNOLOXÍAS.

#### 1. OBXECTIVOS.

- Comprender as características e finalidades do debuxo e o deseño asistido por ordenador.
- Considerar as novas tecnoloxías como ferramentas de creación gráfico-plástica.
- Experimentar a creación de novas formas mediante o uso das novas tecnoloxías.

#### 2. CONTIDOS.

##### *Conceptos*

- Creacións co ordenador. Novas linguaxes integradas.
- Creación e modificación de imaxes co ordenador: tipos de imaxes e fontes de imaxes. Retoque fotográfico por ordenador.
- Deseño gráfico por ordenador: elementos do deseño gráfico. Debuxo xeométrico asistido por ordenador.
- Tecnoloxía multimedia. Blogs e Páxinas web.
- Realización de traballos para dinamizar a páxina web do instituto.

##### Procedementos para a ESO

##### **1ºESO**

- Resolución de sinxelos exercicios de figuras xeométricas e cores básicas asistido por ordenador.
- Elaboración dun arquivo de imaxes procedentes das novas tecnoloxías.
- Programas: Paint, ArtRage, Graftx2, NeoPaint.

### **3ºESO**

- Creación de carteis de deseño, exercicios de figuras xeométricas e a cor no deseño asistido por ordenador.
- Elaboración dun arquivo de imaxes procedentes das novas tecnoloxías.
- Observación analítica e crítica de imaxes infográficas aplicadas aos distintos campos de comunicación.
- Programas: Paint, ArtRage, Graftx2, NeoPaint, Adobe Photoshop.

### **4ºESO**

- Creación de Presentacións en PowerPoint. Retoque fotográfico en Photoshop, exercicios de figuras xeométricas básicas en AutoCad.
- Elaboración dun blog para clase.
- Observación analítica e crítica de imaxes infográficas aplicadas aos distintos campos de comunicación.
- Creación dun video-animación sinxelo con debuxos en Tapptons Animación Studio.
- Programas: Paint, ArtRage, Graftx2, NeoPaint, Adobe Photoshop. Tapptons Animación Studio, PowerPoint, Photoshop, Toondoo, Ilustreitor.
- Realización de traballos para dinamizar a páxina web do instituto.

### **Procedementos para Bacharelato**

#### **1ºBacharelato**

- Nivel Medio de AutoCad Práctico.
- Photoshop e Ilustreitor.

#### **2ºBacharelato**

- Nivel avanzado de AutoCad Práctico.

## DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

### 1. Obxectivos a curto prazo:

- 1.1. Familiarizar ao profesorado do departamento no uso do ordenador como una ferramenta máis no desenvolvemento do currículo.
- 1.2. Facilitarlle á nosa comunidade educativa o acceso as TIC, especialmente aos alumnos e as familias que pola súa situación económica non teñen nos seus fogares estes recursos.
- 1.3. Facer dos medios telemáticos (web, correo electrónico, SMS,...) a principal vía de comunicación no desenvolvemento das clases na nosa materia.
- 1.4. Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC.
- 1.5. Potenciar o traballo en equipo xa que o uso das TIC axuda a favorecer as relacións interpersoais e a adoptar actitudes de cooperación entre os alumnos facilitando así a integración.
- 1.6. Proporcionar aos alumnos a motivación axeitada para o desenvolvemento de competencias e capacidades, pasando de ser receptores pasivos de información a ser produtores activos do seu propio coñecemento, entendendo que o uso das TIC proporciona unha fonte de adquisición de información imprescindible hoxe en día.
- 1.7. Establecer un sistema de aprendizaxe a través do ordenador que lles permita aos alumnos aprender de forma autónoma, cada un ao seu ritmo.
- 1.8. Facer ver aos alumnos que a lingua francesa está moi presente no mundo e en internet e que é imprescindible sábelo.

### 2. Obxectivos a longo prazo:

- 2.1. Incorporar as TIC á docencia en aulas (xa sexan informáticas ou non) mediante a rede WiFi e os portátiles.
- 2.2. Facilitar a docencia virtual completando así a atención .as aulas mediante iniciativas como a páxina WEB.
- 2.3. Acadar graos adecuados de competencias TIC no noso departamento
- 2.4. Colaborar e compartir experiencias con outros centros.

### 3.Propostas metodolóxicas

- 3.1. Uso de programas e ferramentas deseñadas para a elaboración de actividades que permitan aos alumnos unha aprendizaxe interactiva: CLIC, HOT POTATOES, ARDORA. LIM, COMIC LIFE
- 3.2. Uso de programas de elaboración de páxinas web (DREAMWEAVER) como marco para a inclusión das actividades realizados polo profesor ou mesmo polos alumnos.
- 3.3. Proxectos de clase cos que se busca facilitar e mellorar os coñecementos adquiridos na clase .
- 3.4. Uso de Internet para traballar con páxinas web dedicadas á aprendizaxe do francés a nivel gramatical e fonético e que aborda aspectos da cultura francesa.
- 3.5. Webquests, onde se empregan recursos de internet preseleccionados polo

profesor de forma que o alumnado, para poder realizar a tarefa se centre na utilización dos recursos e non en búscalos. Isto esixe unha aprendizaxe cooperativa, enfocada á investigación, onde o resultado final pode ser una presentación interactiva.

- 3.6. Programas educativos e didácticos: a nivel comercial ou en liña existen materiais que axudan na aprendizaxe de aspectos curriculares ao tempo que resultan motivadores e lúdicos para o alumnado. (PÁXINA WEB DA XUNTA)
- 3.7. Creación de blogs, nos que participen activamente os alumnos, como medio de comunicación expresión. Eles mesmos poden elaborar materiais para publicar.
- 3.8. Uso da pantalla dixital, canon e altofalantes.

#### **4. Tipo de actividades**

- 4.1 Co software apropiado de creación de actividades pódense facer actividades como: encrucillados, sopas de letras, actividades de encher ocos, de elidir a resposta correcta emparellamento, crebacabezas, etc ... Todas estas actividades pódense agrupar e incluírse dentro dunha páxina web que se pode crear no ámbito da clase de lingua francesa.
- 4.2 Os programas educativos ( PÁXINA WEB DA XUNTA, ETC ...) que se poidan empregar ofrecen unha variedade amplía de actividades de expresión escrita e oral como se se tratase dun libro de texto pero que son interactivas.

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A posta en práctica da renovación metodolóxica a través das Tics é unha ferramenta útil e necesaria no desenvolvemento das accións levadas a cabo dende o Departamento de Orientación.

O primeiro e máis a curto prazo obxectivo marcado como departamento consiste na utilización da páxina Web do centro como soporte de comunicación con toda a comunidade escolar.

Un segundo obxectivo e máis a longo prazo levaríanos a incorporar as Tics á programación do Departamento a través do Plano de Acción Titorial, Plano de Orientación Académico e Profesional e Atención a Diversidade.

Os campos de actuación nos que pretendemos usar esta ferramenta metodolóxica son os que de seguida relacionamos:

### 1.- Atención á Diversidade

1. Utilización de ordenadores persoais para alumnado con n.e.e que reciben atención individualizada fora da aula a través:

Programas de comprensión lectora

1. <http://www.aplicaciones.info/ortogra2/lectura.htm>
2. <http://cvc.cervantes.es/aula/lecturas/>
3. <http://www.auladeletras.net/index.html>
4. <http://contenidos.educarex.es/mci/2005/29/>

Programas de enriquecemento cognitivo

Programas de mellora de atención

1. <http://crishop.blogspot.com/search/label/MATERIALES%20DE%20INTERVENCION>
2. <http://orientacionandujar.wordpress.com/fichas-mejorar-atencion/indenti>

Programas de mellora da ortografía

1. <http://ortoflash.masterd.es/>
2. <http://www.indiana.edu/%7Ecall/lengua.html>

Programa JCLIC.

- Utilización de internet para desenvolvemento de programas da mesma índole coa alumnado de PDC
  1. Realización dun webquest entre os alumnos de PDC sobre a intelixencia - método harvard.
- Facilitar programas que utilicen ás tecnoloxías da información para alumnado que recibe medidas de atención tales como os Agrupamentos Específicos.

## 2.- Acción Tutorial

A utilización deste ferramenta a través de programas informatizados que fomenten e favorezan o desenvolvemento persoal e social do alumnado nas áreas que de seguido se relacionan:

- Convivencia
- Habilidades sociais.

A través do programa SHOPEACE/ANIMAPAIX da oficina do cine de Canadá. Que consta de 6 DVD e 6 unidades didácticas para traballar na titoría a xestións dos conflitos, a ira, a tolerancia, a convivencia e a independencia dentro da dependencia.
- Técnicas de Estudio.

A través do programa Aprender a estudar
- Educación para a Paz
- Educación Vial.

Utilizando a páxina da Dirección Xeral de tráfico:  
[www.dgt.es](http://www.dgt.es)  
[http://www.dgt.es/educacionvial/DGT\\_Home\\_Buscar\\_.html](http://www.dgt.es/educacionvial/DGT_Home_Buscar_.html)
- Educación para o consumo  
A través da utilización de vídeos publicitarios extraídos de:  
[www.youtube.es](http://www.youtube.es)

- Educación para a saúde.  
A través da utilización de películas en DVD con unidades didácticas adaptadas aos distintos niveis.
- Educación afectivo social, etc.  
A través da utilización de películas en DVD con unidades didácticas adaptadas aos distintos niveis.

### **3.- Orientación Académica e Profesional**

- Acceso a Programas específicos de orientación escolar (Orienta)
- Acceso a información académica a través da rede.
- Acceso a información laboral a través de internet.

## DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

O Departamento de Filosofía ven traballando coas tecnoloxías audiovisuais desde hai moios anos. Así mesmo, utilizamos de xeito regular métodos de busca de información alternativa aos libros de texto. O uso de documentais, filmes, xornais, revistas, análise de publicidade ou exposicións gráficas é unha parte importante dentro das actividades e da metodoloxía empregada para o desenvolvemento das programacións de todas as materias asignadas a este Departamento. Sendo menor a significación destes métodos en 2º de bacharelato pola amplitude do programa.

Neste momento, somos conscientes de que é necesario un cambio metodolóxico que inclúa as ferramentas informáticas, e fundamentalmente internet, na nosa práctica docente diaria.

### OBXECTIVOS

1. Dentro dos obxectivos a curto prazo marcados no plano TIC do centro, este Departamento pode incidir de xeito especial nos seguintes:
  - 1.6. Potenciar o traballo en equipo mediante o uso das TIC, cara a favorecer as relacións interpersoais e de cooperación entre os alumnos.
  - 1.7. Proporcionar ao alumnado a motivación axeitada para o desenvolvemento de competencias e capacidades, pasando de ser receptores pasivos da información a ser produtores activos do seu propio coñecemento
2. Utilización das posibilidades reais existentes na rede para mellorar a nosa práctica docente.
3. Favorecer, coas actividades propostas, a consecución das seguintes competencias básicas sinaladas no currículo: Competencia dixital e de tratamento da información, competencia social e cidadán e competencia para aprender a aprender

### ACTIVIDADES

1. Utilización da páxina web do centro para propoñer ao alumnado actividades que contemplan a diversidade e as necesidades educativas especiais. Así como para a corrección das actividades propostas na clase e proposta de cuestionarios de autoavaliación.
2. Presentación atractiva das materias do departamento e das súas programacións a través da páxina web.
3. Utilización na clase do proxector para: presentación de temas concretos, mapas conceptuais, esquemas, etc.

4. Utilización de películas e documentais cara a fomentar a discusión sobre problemas éticos ou filosóficos.
5. Utilización de internet para a busca de información, xogos filosóficos, documentais biográficos, cooperación ao desenrolo, biblioteca filosófica, blogs filosóficos, etc.
6. Busca na rede de páxinas interactivas relacionadas cos Dereitos Humanos, as ONGs, materiais didácticos, resolucións de conflitos e dilemas éticos, etc.
7. Crear nas clases de bacharelato un observatorio da filosofía. Esta actividade, consistente en que os alumnos busquen, durante un tempo determinado, todas as noticias que teñan que ver coa filosofía que aparezan nos xornais, TV, internet, etc., para a súa posta en común e posterior discusión na clase.
8. Utilización de webquest, xogos de caza do tesouro, hot potatoes ou outras actividades que podan atoparse na rede e das de creación propia dos membros do departamento.

#### ALUMNADO AOS QUE VAN DIRIXIDAS.

As actividades anteriores tratarán de utilizarse en maior ou menor medida en todas as materias do departamento e, polo tanto están dirixidas ao alumnado de 2º e 4º da ESO e aos de bacharelato.

Naturalmente a complexidade das mesmas adaptarase a idade do alumnado e á programación das distintas materias.

Polas características especiais de 2º de bacharelato, o uso das novas tecnoloxías será pouco frecuente no devandito curso mentres o profesorado se atope en fase de formación.

## DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Obxectivos a curto prazo:

- 1) Intentar que o profesorado do departamento se intente familiarizar co emprego do ordenador como ferramenta ordinaria de traballo. O acceso as TIC debe de extenderse sobre todo ós nosos alumnos que por necesidades económicas non poidan ter ordenador
- 2) Facer dos medios telemáticos, como a Web, correo electrónico, SMS unha vía de comunicación importante no desenvolvemento da nosa materia.
- 3) Promover o uso adecuado, ético e solidario da TIC
- 4) Potenciar o traballo en equipo xa que o uso das TIC axuda a favorecer as relacións interpersonais.
- 5) Establecer un sistema de aprendizaxe a través do ordenador que lles permita aos alumnos aprender de forma autónoma, cada un ao seu ritmo.

Obxectivos a longo prazo

- 1) Incorporar as TIC á docencia nas aulas mediante a rede Wifi e os portátiles.
- 2) Acadar graos de competencia TIC no departamento de Música, a través de formación que debe ser impartida por verdadeiros especialistas en novas tecnoloxías, e ademais no centro de traballo.
- 3) Relacionarse con outros centros educativos para intercambiar ideas

### ***Propostas metodolóxicas***

- 1) Uso de programas e ferramentas para a elaboración de actividades que permitan aos alumnos unha aprendizaxe Interactiva.
- 2) Uso de Internet para traballar con páxinas Web dedicadas a diferentes aspectos musicais: edición de partituras, análise de obras musicais, etc
- 3) Creación de blogs musicais, nos que participen os alumnos con temas relacionados con aspectos musicais, con materiais que eles mesmos poden elaborar.
- 4) Uso e disfrute da pantalla dixital.

## DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

### Obxectivos:

- O Departamento de relixión promoverá a utilización adecuada, ética e solidaria das TIC.
- Creemos que co traballo en equipo mellóranse as relacións entre os alumnos e pódese facilitar a integración daqueles rapaces con certas dificultades de relación.
- Motivar os alumnos para aprender diferentes realidades sociais, relixiosas, económicas e culturais que se viven dentro e fora da nosa comunidade.
- Proporcionar ós alumnos a motivación axeitada para o desenvolvemento de competencias e capacidades co fin de ser activo o seu coñecemento.

### Contidos:

#### 1º ESO

- As parábolas e milagres de Xesús
- A Virxe María como modelo de muller.

#### 2º ESO

- Os sacramentos como signos do Reino de Deus

#### 3º ESO

- San Pablo.Vida e obra do Apóstolo entre os apóstolos.

#### 4º ESO

- A Teoloxía da Liberación.
- O Vaticano II como ventá aberta ó Mundo.

#### 1º Bacharelato

- Por qué existe o mal no Mundo?

### Metodoloxía:

Para tratar os contidos anteriores empregaranse as seguintes ferramentas:

Buscas en Internet.

DVDs

## DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

As TIC representan actualmente uns recursos do máis completos con que conta o docente para facilitar tanto o ensino como a aprendizaxe, xa que a súa utilización no ensino das matemáticas pode mellorar a calidade da docencia e axudar a acadar con maior eficiencia os obxectivos propostos nesta materia. Os beneficios e achegues da tecnoloxía na educación matemática son claros. Permiten unha participación máis activa do alumno na construción da súa propia aprendizaxe, interacción entre o alumno e a máquina, explorar e conxeturar, que o alumno poida aprender dos seus erros mediante a retroalimentación inmediata e efectiva, abrir espazos nos que o estudante poida vivir experiencias matemáticas difíciles de reproducir cos medios tradicionais como o lapis e o papel, que o estudante poida realizar actividades de exploración nas que é posible manipular directamente os obxectos matemáticos e as súas relacións e nas que poida construír unha visión máis ampla e máis potente do contido matemático.

### **OBXECTIVOS**

- Motivar aos alumnos respecto do mundo das matemáticas co uso das novas tecnoloxías.
- Incorporar as tecnoloxías da información e a comunicación ao proceso de ensino-aprendizaxe das Matemáticas.
- Integrar o uso das TIC nas nosas programacións curriculares.
- Completar a formación do profesorado no uso dos distintos recursos tecnolóxicos na aula.
- Coñecer e utilizar o software dispoñible que serve como apoio á aprendizaxe das competencias matemáticas.
- Proporcionar aos alumnos recursos para a obtención de información na rede desenvolvendo ao mesmo tempo un uso crítico de ditos medios.
- Utilizar a páxina web do instituto como medio para proporcionar aos alumnos recursos de apoio á preparación da materia.

- Realizar actividades que promovan a participación activa dos estudantes en “facer matemáticas” en situacións reais.
- Usar a calculadora coma un contido ademais de coma instrumento para tratar outros contidos.

### **METODOLOXÍA**

- Utilización da calculadora en clase coa finalidade de aproveitar as súas posibilidades adecuándose aos coñecementos matemáticos de cada nivel.
- Cargar material complementario de traballo e de apoio na páxina web do centro.
- Uso do encerado dixital coma complemento das explicacións do profesor e da corrección de exercicios na aula.
- Uso da aula multimedia para que os alumnos utilicen individualmente ou en grupo recursos interactivos relacionados coas distintas partes da materia (enlaces, programas).
- Uso de material multimedia nos reproductores das aulas.

### **ACTIVIDADES**

#### **DESDE PÁXINAS WEB COMO:**

<http://descartes.cnice.mec.es/>

<http://clic.xtec.net/es/index.htm>

<http://www.juntadeandalucia.es/averroes/impe/web/buscadorRecursosEducativos?pagina=2&x=0&idSeccion=28041&busqueda=matematicas&y=0>

[http://www.matematicas.profes.net/comun/VerEspecial.asp?id\\_contenido=32196](http://www.matematicas.profes.net/comun/VerEspecial.asp?id_contenido=32196)

<http://recursos.pnte.cfnavarra.es/~msadaall/geogebra/>

#### **CON PROGRAMAS COMO:**

**GEOGEBRA  
CABRI  
DERIVE  
JCLIC**

## DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

O desenvolvemento dos diferentes aspectos do currículo require do emprego de gran cantidade de recursos didácticos tanto comúns os distintos departamentos (transparencias, enciclopedias, libros tanto de texto coma técnicos, revistas, visionado de vídeos e DVDs, etc) como específicos (ferramentas e máquinas-ferramentas, sistemas eléctricos e neumáticos monitorizados, obradoiro de proxectos, etc).

O recurso máis importante co que contamos é o ordenador, xa que nos permite suplir as posibles carencias de recursos materiais e tamén utilizar animacións que axudan a desenvolver algúns contidos difíciles de explicar doutro xeito. Co mesmo pretendemos acadar os seguintes obxectivos:

-Estimular o uso da Internet como ferramenta de busca para a realización de traballos.

-Implementar o correo electrónico como ferramenta de consulta das dúbidas ao profesor e tamén como medio para o envío de traballos.

-Empregar a páxina web do Centro para a resolución de exercicios e tamén como ferramenta de repaso das unidades pensando tamén naquel alumnado que ten pendente a materia e sen esquecer aos que deban recuperar algúns dos trimestres. Neste senso e para facilitar a aprendizaxe poderíase facer un listado das preguntas máis importantes de cada tema e colgalas na páxina web do Centro. Tamén pódense colgar animacións explicativas de certos contidos das distintas unidades.

-Uso dos distintos paquetes office tanto de Microsoft como de licenzas GNU como ferramentas para facilitar a presentación dalgúns traballos e inclusive das distintas unidades.

- Resolución de problemas interactivos mediante ferramentas de software libre como por exemplo as webquest.

- Simuladores interactivos dos distintos bloques temáticos.

Estes obxectivos complétanse cos seguintes enderezos ou enlaces dos seguintes bloques temáticos que a continuación enumeramos:

Bloque Debuxo Técnico

Google SketchUp <http://sketchup.google.com>

Second Life <http://secondlife.com>

Obradoiro virtual para o estudo do Sistema

Diédrico

<http://palmera.pntic.mec.es/~jcuadr2/laboratoriosd/index.html>

Normalización

<http://www.isftic.mepsyd.es/w3/recursos/bachillerato/dibujo/tecnico/normalizacion/index2.htm>

Perspectiva Cónica <http://palmera.pntic.mec.es/%7Ejcuadr2/conica>

Vistas

[http://www.isftic.mepsyd.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2002/geometria\\_vistas](http://www.isftic.mepsyd.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2002/geometria_vistas)

Curvas Cónicas

<http://palmera.pntic.mec.es/%7Ejcuadr2/conicas/index.html>

Perspectiva isométrica e vistas de piezas en 3D

<http://www.cortona3d.com/install/iexplore.php>

IKEA Home Planner

[http://www.ikea.com/ms/es\\_ES/rooms\\_ideas/splashplanners.html](http://www.ikea.com/ms/es_ES/rooms_ideas/splashplanners.html)

Os teus instrumentos de debuxo virtuais

<http://instrumenpoche.sesamath.net/spip.php?article27>

FloorPlanner, diseña a tua vivenda online <http://www.floorplanner.com/demo>

Building Houses, puzzle 3D <http://mathsnet.net/geometry/solid/houses.htm>

Geonext <http://geonext.uni-bayreuth.de>

## DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

### **Obxectivos a curto prazo**

Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC.

Familiarizar o profesorado co uso do ordenador como unha ferramenta máis no desenvolvemento do currículo.

Facer do ordenador unha ferramenta de referencia tanto para a aprendizaxe da lingua como da literatura

Converter os medios telemáticos (web) na principal vía de comunicación no desenvolvemento das clases na nosa materia.

Potenciar o traballo en equipo xa que o uso das TIC axuda a favorecer as relacións interpersoais e a adoptar actitudes de cooperación entre os alumnos facilitando así a integración.

Proporcionar aos alumnos a motivación axeitada para o desenvolvemento de competencias e capacidades, pasando de ser receptores pasivos de información a ser produtores activos do seu propio coñecemento.

Facer das ferramentas tecnolóxicas e informáticas instrumentos de referencia coa dupla finalidade de impartir coñecementos e asignar ao galego prestixio valorativo, promoción lingüística, e provocar no alumnado un cambio nos valores que subxacen na nosa sociedade asociándoo a ruralismo e atraso.

Transmitir ao alumnado a idea de que a lingua e a cultura galegas están presentes en Internet e que a cultura galega ten acceso a soportes vixentes no mundo actual de xeito que o o alumnado vexa na súa lingua un instrumento válido de comunicación á altura dos tempos e non unha reliquia do pasado.

Potenciar o traballo en equipo xa que o uso das TIC axuda a favorecer as relacións interpersoais e a adoptar actitudes de cooperación entre o alumnado facilitando así a integración.

### **Obxectivos a longo prazo**

Incorporar as TIC á docencia en aulas (xa sexan informáticas ou non ) mediante a rede WiFi e os portátiles.

Facilitar a docencia virtual completando así a atención nas aulas mediante iniciativas como a páxina WEB.

Acadar graos adecuados de competencias TIC neste departamento.

### **Propostas metodolóxicas**

Uso de *programas informáticos de produción* que permiten a creación personalizada de actividades interactivas e están elaboradas cos programas JCLIC e HOTPOTATOES, e doutros programas informáticos que faciliten o traballo na aula: COMIC LIFE, POWER POINT, PREMIERE e doutros programas que faciliten o traballo con ferramentas audiovisuais, dixitais e informáticas.

Uso de Internet como fonte de información para o alumnado ou como referencia para levar a cabo actividades de reforzo e ampliación blbla

Uso da pizarra dixital e elaboración de actividades co software correspondente.

Uso de WEBQUEST como xeito dirixido polo profesorado para fomentar as habilidades do alumnado na selección de información e do traballo cooperativo e a autonomía do alumnado no proceso de aprendizaxe.

Uso de programas informáticos para a presentación de actividades e proxectos na clase, tanto de xeito individual como grupal.

Uso da cámara de vídeo e do minidisc como un instrumento para desenvolver aspectos do currículo basicamente como un xeito de traballar a oralidade

Uso de programas educativos para a mellora da aprendizaxe dos diferentes contidos do currículo.

---

## DEPARTAMENTO DE CIENCIAS

O desenvolvemento dos contidos do currículo na área de Bioloxía e Xeoloxía require da utilización de gran cantidade de recursos didácticos, tanto comúns a outras áreas (diapositivas, transparencias, enciclopedias, visionado de vídeos, etc) como específicas (colección de animais, plantas, minerais, modelos anatómicos, laboratorio de prácticas, etc).

Ademais contamos co handicap de que para desenvolver algúns contidos (división celular, vulcanismo, dinámica de placas litosféricas, movementos do corazón, formación dos ouriños, etc) necesitamos utilizar modelos dinámicos difíciles de reproducir na pizarra ou con diapositivas.

Contar na aula cun recurso tan importante como é un ordenador, permitiríamos suplir moitas carencias de recursos materiais e tamén utilizar animacións que axudarían a desenvolver algúns contidos difíciles de explicar doutro xeito.

### OBXECTIVOS Á CURTO PRAZO

#### 1º ESO

- Potenciar a utilización de busca en Internet para a realización de traballos.
- Correo electrónico para consultar dúbidas co profesor.
- Utilizar a páxina web do Departamento para a resolución de exercicios e repaso das unidades didácticas.
- Utilización da presentación en Power-Point dalgúns dos temas.
- Visionado de DVDs.

#### 3º ESO

- Organizar os repaos de tal forma que os alumnos que teñan a materia suspensa poidan acceder vía web a este repaso.
- Listado de preguntas importantes de cada tema na páxina web para facilitar a aprendizaxe.
- O tema 7 "Saúde e Enfermidade" utilización de presentación en Power-Point.
- Modelos anatómicos interactivos do corpo humano.
- Visionado de DVDs.

#### 4º ESO

- Emprego da pizarra dixital e o canon proxector para completar as explicacións do profesor na clase.
- Organizar os repaos de tal forma que os alumnos que teñan a materia suspensa poidan acceder vía web a este repaso.
- Listado de preguntas importantes de cada tema na páxina web para facilitar a aprendizaxe.
- Potenciar a utilización de busca en Internet.
- Resolución de problemas de xenética de forma interactiva.
- Visionado de DVDs.

#### 1º BACH.

- Actualmente xa se está utilizando , nas dúas materias do noso Departamento (Bio e CMC ), a páxina web para colgar material de repaso, completar a información do libro con webquest, canón e pizarra dixital.
- Potenciar o uso do correo electrónico para o envío de traballos.
- Modelos anatómicos interactivos do corpo humano.
- Simulacións dos movementos das placas litosféricas e as súas consecuencias.
- Resolución de problemas de forma interactiva.
- Visionado de DVDs.

## 2º BACH

- Poder acceder desde a páxina web do Departamento á web da ciuga para facilitar ós alumnos toda a información das novidades de Selectividade en canto á probas e contidos.
- Organizar os repasos utilizando a páxina web do Departamento.
- Colgar animacións de certos procesos como a biosíntese de proteínas e todo o relacionado coa bioloxía do ADN.
- Visionado de Vds.

## DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Vivimos na sociedade da información e das novas tecnoloxías e isto debe verse reflectido nas nosas clases se queremos que nosos discentes alcancen unha educación integral.

No *Departamento de Física e Química* somos conscientes da importancia das novas tecnoloxías tanto como ferramentas de formación para o alumnado como de soporte metodolóxico para o docente; por elo adaptaremos nosas explicacións e materiais aos novos tempos mediante os seguintes recursos multimedia cos que pretendemos que nosos alumnos alcancen os obxectivos descritos no *anexo VI do Decreto 133/2007* onde se describe o *Plan de Integración dlas TIC*:

- Realizaremos nosas explicacións apoiándonos en presentacións *power point* e nos bancos de imaxes (modelos moleculares) extraídos de *Internet*.
- Seleccionaremos páxinas *web* para traballar con elas, ben para que extraian información, ben para que realicen actividades concretas (*webquet*).
- Tamén ensinaremos a os nosos alumnos a utilizar *Internet* como instrumento de busca de información, xa que está fora de toda dúbida que *Internet* é unha gran biblioteca universal, que deberán saber empregar para encontrar a información que necesiten e que ista sexa fidedigna y pertinente.

Queremos que os nosos alumnos ao finalizar os seus estudos manexen á perfección as novas tecnoloxías por elo en cada curso centrarémonos en aspectos concretos. A continuación describimos unha relación dos obxectivos que esperamos acaden en cada curso

2º ESO: Ciencias da natureza (3 horas semanais):

- Fomentaremos a utilización da *páxina web* do Departamento para reforzar os conceptos aprendidos.
- Acercaremos as distintas páxinas de *Internet* para que realicen diversas actividades sobre todo de reforzo e ampliación.
- Utilizaremos *power points* para explicar diversos temas.
- Visionaremos DVDs facendo un debate ao final dos mesmos.

3º ESO: Física y Química (2 horas semanais):

- Fomentaremos a utilización de *Internet* para que realicen pequenos traballos monográficos sobre distintos temas como por exemplo: química e sociedade, enerxía nuclear, busca de biografías de científicos, etc.
- Visionado de DVDs facendo un debate ao final dos mesmos.
- Utilización da *páxina web* do Departamento para que realicen actividades de reforzo e ampliación.

3º y 4º de P.D.C do ámbito científico (9 horas semanais):

- Fomentaremos o traballo có ordenador tanto na área matemática como científica.
- Deberán realizar pequenos traballos guiados empregando as novas tecnoloxías mediante os que traballaremos de xeito explícito as oito *competencias básicas*.
- Visionado de DVDs facendo un debate ao final dos mesmos.

4º ESO Física y Química (3 horas semanais):

- Empregaremos as TIC's para a resolución de algunhas prácticas de laboratorio.

- Fomentaremos a utilización da páxina *web* do Departamento para fomentar a *iniciativa e autonomía* mediante diversas actividades. Ademais colgaremos na a páxina boletíns de problemas para que lles sirvan de repaso sobre todo aos alumnos que teñan algunha avaliación suspensa o la materia suspensa do curso anterior.

#### 1º BACHARELATO Física e Química (4 horas semanais):

- Fomentaremos a utilización da páxina *web* do Departamento para fomentar a *iniciativa e autonomía* dos nosos discentes mediante diversas actividades tanto de reforzo como de ampliación.
- Empregaremos activamente as novas tecnoloxías nas prácticas de laboratorio.
- Fomentaremos o uso de *Internet* para a busca de información científica.
- Visionado de DVDs facendo un debate ao final dos mesmos.

#### 2º BACHILLERATO Física (4 horas semanais) e Química (4 horas semanais):

- Utilizaremos os materiais da páxina *web* do Departamento como reforzo educativo.
- Les mostraremos como acceder á páxina da CIUGA para que en todo momento estean informados das novidades sobre as probas de selectividade. Ademais, nesta mesma páxina poderán encontrar exemplos de exames de probas anteriores.

## DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### **Obxectivos a curto prazo:**

Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC.

Familiarizar ao profesorado do Departamento co uso do ordenador e das TIC como unha ferramenta máis no desenvolvemento das actividades levadas a cabo polo Departamento e na relación co alumnado e coa comunidade escolar.

Transmitir ao alumnado a idea de que a lingua e a cultura galegas están presentes en Internet e que a cultura galega ten acceso a soportes vixentes no mundo actual de xeito que o o alumnado vexa na súa lingua un instrumento válido de comunicación á altura dos tempos e non unha reliquia do pasado.

Proporcionar ao alumnado a motivación axeitada para o desenvolvemento de competencias e capacidades, pasando de ser receptores pasivos de información a ser produtores activos do seu propio coñecemento.

Facer das ferramentas tecnolóxicas e informáticas instrumentos de referencia coa dupla finalidade de impartir coñecementos e asignar ao galego prestixio valorativo, promoción lingüística, e provocar no alumnado un cambio nos valores que subxacen na nosa sociedade asociándoo a ruralismo e atraso.

Potenciar o traballo en equipo xa que o uso das TIC axuda a favorecer as relacións interpersoais e a adoptar actitudes de cooperación entre o alumnado facilitando así a integración.

---

## **Obxectivos a longo prazo**

Incorporar as TIC ás diferentes actividades trazadas polo Departamento.

Converter os diferentes medios tecnolóxicos tanto informáticos como audiovisuais nun instrumento de difusión da lingua e da cultura galegas.  
Acadar graos adecuados de competencias TIC neste Departamento.

## **Propostas metodolóxicas**

---

Uso de *programas informáticos de produción* como JCLIC e HOTPOTATOES que permiten a creación personalizada de actividades interactivas, e doutros programas informáticos como COMIC LIFE, POWER POINT, PREMIERE, AUDACITY e outros programas que posibiliten o traballo con ferramentas audiovisuais, dixitais e informáticas para a elaboración das diferentes actividades que poidan levarse a cabo desde este Departamento.

Uso de programas informáticos para a presentación de actividades e proxectos por parte do alumnado e como xeito de relacionar a comunidade educativa e se fose o caso, con outros centros e outras culturas. Uso dos medios tecnolóxicos como referentes de modernidade e de promoción social.

Uso de *dicionarios, léxicos, correctores, tradutores, xogos interactivos* e outras informacións de contidos existentes na rede, e programas e ferramentas informáticas para elaborar actividades que contribúan á difusión da lingua e da cultura galegas.

Uso de Internet como fonte de información para o alumnado en relación aos diferentes temas relacionados co Departamento.

---

## DEPARTAMENTO DE CLÁSICAS

Dirixido á iniciación do estudo no mundo clásico usarase a dirección **[e-sm.net/lat4eso](http://e-sm.net/lat4eso)** para as seguintes actividades:

- Estudio do alfabeto romano. Inscricións.
- Confección de mapas das linguas románicas.
- Información sobre a cultura clásica en Hispania.
- Investigación sobre a literatura clásica.
- Concursos e xogos sobre conxugacións, vocabulario e traducións, mitoloxía e historia para comprobar os seus propios coñecementos.
- Busca de noticias relacionadas co mundo clásico para a realización de traballos monográficos.

Dispón así mesmo o alumnado de dous espazos específicos de consulta para cuestións gramaticais diversas e que tamén conteñen exercicios variados, así como solucións, chamados **Proxecto Grammaticus** e **Proxecto Palladium** e que figuran na meirande parte das páxinas web. de cultura clásica.

Para un coñecemento máis ilustrativo deste mundo clásico, organizaranse visitas virtuais, en especial á páxina do Museo Romano de Mérida, **[museoromano.com](http://museoromano.com)**, ademais de museos arqueolóxicos e de cidades que posúen restos romanos, como Tarragona, **[mnat.es](http://mnat.es)**, Lugo o Segóbriga.

Uso de canón de vídeo para visionar as seguintes películas e documentais:

- Jasón y los Argonautas.
- La Odisea.
- Julio César.
- Pompeia.
- Golfus de Roma.
- Érase unha vez o home ( Grecia y Roma).
- Alejandro Magno.

Participación no concurso **ODISEA**, que convoca a Sociedade Española de Estudos Clásicos, que consistirá en responder ás preguntas que cada día se publiquen na páxina web. **[seecgalicia.org](http://seecgalicia.org)**

Para un acercamento á arte, cultura e mitoloxía, podemos recorrer ás seguintes páxinas: **[culturaclásica.com](http://culturaclásica.com)**, **[atenea-nike.com](http://atenea-nike.com)** e outras similares

## DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS

### *OBXECTIVOS XERAIS*

- Formar e impulsar a alumnos e profesores na utilización das ferramentas TIC.
- Converter os medios telemáticos (web, correo electrónico, SMS...) na principal vía de comunicación do noso centro.
- Potenciar a través das uso das TIC, o traballo en equipo dos alumnos para favorecer as súas relacións interpersonais e actitudes de cooperación.
- Dinamizar e actualizar o ensino/aprendizaxe da xeografía, historia e historia da arte.

### *OBXECTIVOS ESPECÍFICOS*

- Utilizar as páxinas web para unha visión actualizada e dinámica de temas relacionados coa xeografía e historia, tanto na ESO como no Bacharelato.
- Utilizar a través da nosa páxina web, de prensa actualizada sobre temas relativos a aspectos xeográficos (demografía, climatoloxía.....) e históricos.
- Aceder á información na rede de datos estatísticos recentes para poder traballar sobre eles nas aulas.
- Realizar visitas virtuais a museos.
- Fomentar a participación en foros de opinión sobre temas políticos, sociais e económicos de actualidade.
- Utilizar unidades interactivas existentes en Internet en forma de Power Point.
- Recopilar imaxes na rede de arquitectura, pintura e escultura dos diferentes estilos artísticos.
- Mostrar a páxina web do noso Departamento de Ciencias Sociais así como as de outros centros.

### *DESENVOLVEMENTO PRÁCTICO*

- Prensa actualizada para traballar sobre aspectos concretos de xeografía de España (demografía, transporte por estrada) de 2º bach.
- Utilización de DVD e vídeos tanto a nivel ESO como Bacharelato.
- Power Point sobre as distintas etapas da Historia ( 4º ESO e 1º de Bach.)
- Power Point para repasar as actividades económicas (3º ESO)
- Visita virtual ao Museo do Prado.
- Relación de páxinas web de interese para traballar aspectos concretos das materias da ESO e Bach.(exercicios interactivos, exercicios de repaso, termos xeográficos,esquemas etc..) correspondentes a este Departamento.

## **DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

### **1. XUSTIFICACIÓN**

As Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación, das que Internet forma parte, ocupan un espazo cada vez maior en todos os sectores da nosa sociedade.

Os profesores de Lingua Castelá e Literatura non podemos vivir de costas á repercusión social que como instrumentos de comunicación teñen as TIC, a rede de Internet e as súas aplicacións.

Ademais, as TIC constitúen un aporte extra de motivación para os alumnos porque favorecen dunha maneira óptima a atención á diversidade, permitindo atender de xeito simultáneo ás distintas capacidades e ritmos de traballo, e potenciando a aprendizaxe autónoma e o traballo cooperativo.

O obxectivo da integración das TIC na nosa programación basease na concepción das mesmas como un recurso didáctico, un vehículo de desenrolo das capacidades dos alumnos, en concreto das capacidades comunicativas, e, polo tanto, dos contidos da Área de Lingua Castelá e Literatura. Desta maneira, todas as actividades relativas ao coñecemento das TIC estarán subordinadas a outras que promovan a consecución dos obxectivos propios da área e, fundamentalmente, a mellora da competencia lingüística.

### **3. OBXECTIVOS**

1. Mellorar a lectura e a comprensión de textos a través de programas informáticos.
2. Desenvolver destrezas de busca de información na web: enciclopedias (Wikipedia, Encarta...), dicionarios (da RAE, de sinónimos, de variedades lingüísticas...) e outras obras de referencia.
3. Redactar traballos empregando un procesador de textos e aprender a gardalos nos distintos dispositivos de almacenamento do ordenador.

4. Empregar a escritura no ordenador para expresarse por escrito con orde, precisión e unha correcta ortografía.
5. Adquirir hábitos de limpeza e orde na realización e presentación de traballos.
6. Elaborar presentacións multimedia (Power Point e outras similares) e publicalas en Internet.
7. Manexarse con soltura na utilización informática dunha biblioteca.
8. Fomentar o uso responsable do ordenador e seleccionar adecuadamente e con espírito crítico a enorme cantidade de información que aparece en Internet.

#### **4. METODOLOXÍA**

As TICs favorecen un cambio no modelo educativo. Pártese dunha concepción construtivista da ensinanza que promove unha aprendizaxe a partir da busca, a experimentación, a interacción, a asimilación e a aplicación práctica dos coñecementos. O profesor é un mediador que orienta ao alumno no seu proceso de aprendizaxe.

O formato virtual permite, ademais, a atención individualizada, e é un marco especialmente idóneo para traballar con alumnos que presentan necesidades educativas especiais.

De acordo con isto, as actividades que se planifiquen coas TIC han de ter en conta os seguintes principios metodolóxicos:

1. Facilitar o acceso de todo o alumnado á educación común coas medidas necesarias de atención á diversidade, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e propoñendo actividades de reforzo e ampliación.
2. Partir do que os alumnos xa saben para relacionar os coñecementos previos coas novas aprendizaxes.
3. Favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promover o traballo en equipo.

#### **5. ACTIVIDADES**

→ Busca de información, actividades e fondos bibliográficos en Internet.

- Emprego do correo electrónico para comunicarse, intercambiar documentos e arquivos e, en ocasións, enviar traballos ao profesor.
- Utilización de dicionarios en liña como axuda para a comprensión de textos e actividades.
- Emprego da web do instituto. No Departamento de Lingua Castelá e Literatura os alumnos teñen a posibilidade de acceder a diferentes recursos (contidos e actividades) da materia.
- Creación de blogs, onde é posible escribir sobre temas do interese dos alumnos e practicar a lectura e a escritura co apoio do profesorado. No presente curso, os alumnos de 1º de ESO están a participar na elaboración de dous blogs de aula introducindo comentarios, traballos, recomendacións de lectura, etc.
- Redacción de traballos de investigación empregando un procesador de textos e seguindo as indicacións do profesor en canto a ortografía e presentación.
- Creación de montaxes audiovisuais (textos combinados con imaxes na mesma diapositiva) mediante PowerPoint e o escáner.
- Lectura da prensa dixital e de libros electrónicos.
- Emprego da pizarra dixital para expoñer un traballo, proxecto ou contido.
- Realización de exercicios interactivos (HOT POTATOES, ACTIVIDADES CLIC).
- Realización de actividades multimedia, entre as que destacan:
  - A Caza do Tesouro (CT). É unha páxina web con unha serie de preguntas que os alumnos deben responder buscando información nos recursos que se propoñen.
  - WebQuest (WQ). Actividade orientada á investigación onde a información que se emprega procede de recursos da Web. Os alumnos teñen que realizar unha tarefa final.
- Búsqueda de diferentes formularios (DNI, becas, instancias de matrícula...) para aprender a cumprimentalos.
- Creación de xornais ou revistas dixitais. Os alumnos de 4º de Diversificación están a realizar o xornal dixital de “El País de los estudiantes”.

## CULTURA GASTRONÓMICA

Na programación de "**Cultura gastronómica**", tendo en conta de que **non dispoñemos de libro de texto** está moi presente o emprego das **TECNOLOXIAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN** acadando suma importancia e, axudándonos deste xeito, a conseguir os obxectivos propostos na nosa materia e que están recollidos na programación.

a) Nos **obxectivos xerais**:

Buscar e seleccionar información sobre temas relacionados cos contidos desta materia, utilizando diferentes fontes e medios, valorando o seu contido para fundamentar e orientar os traballos.

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido práctico, adquirir novos coñecementos básicos no campo da gastronomía.

b) No **bloque 1**:

**Contidos comúns :**

Utilización dos medios de comunicación e das tecnoloxía da información seleccionar os temas sobre a gastronomía.

Realización de traballos de síntese e de indagación, utilizando información de fontes variadas .

c) **Nos criterios de avaliación. :**

Valorar a capacidade para recompilar información procedente de diferentes fontes para que acaden os obxectivos dos diferentes temas.

**EMPREGO DAS PÁXINAS WEB:**

a) Elaboración de contidos da nosa materia:

Incluir as receitas elaboradas polos propios alumnos e as fotografías de cada unha delas e degustando os pratos elaborados por eles mesmos.

b) Citar unha lista de libros recomendados incluíndo a portada

c) Inclusión de actividades para unha mellor comprensión da materia: Exemplos: Xogos, crucigramas...etc.

d) Para a elaboración de contidos da nosa materia é de suma utilidade o emprego de Internet :

Inclusión dos enlaces para o uso dos alumnos podendo, deste xeito, realizar actividades e acadar información para desenvolver traballos en grupo. Iremos ampliando o nº de enlaces, pois son de vital importancia no desenvolvemento da materia por non dispoñer de libro de texto. Nestes momentos poden acceder, entre outros a, os seguintes:

TERMOS CULINARIOS

<http://www.buendia.uva.es/Ficheros/O/Documentos/glosario.pdf>

XOGOS EDUCATIVOS DE ALIMENTACIÓN

<http://web.educastur.princast.es/ies/laquinta/alimentacion/activ8.htm>

REVISTA INFORMATIVA DE ALIMENTACIÓN

<http://cenbollycao.com>

## BIBLIOTECA

### OBXECTIVOS:

- .- Proporcionar recursos e actividades que contribúan a aprendizaxe durante toda a vida.
  - .- Facer da Biblioteca un lugar que funcione como centro de información, onde os estudantes poidan desenvolver as súas habilidades ó máximo.
  - .- Proporcionar recursos virtuais educativos: Mesturar lecturas con vídeos.
- Integrar as habilidades relacionadas coa Biblioteca, coas das necesidades da clase.
- .- Utilizar los recursos que nos ofrece o programa MEIGA que está na nosa paxina web.
  - .- Dixitalización do libro na Biblioteca.

### ACTIVIDADES:

- .- Creación dun blog
- .- Difundir os fondos da Biblioteca a toda comunidade educativa a través de páxina web.
- .- Comunicar as novidades e recomendar libros a través dos mesmos medios.
- .- Realizar unha lista de enlaces sobre lectura na nosa páxina web.

Abrir a Biblioteca ás distintas materias para que poidan aproveitar os recursos da mesma: ordenadores, pantalla dixital etc

## 4. AVALIACIÓN

O seguimento das estratexias e das actuacións realizadas ao longo do curso permitiranos detectar as nosas carencias e buscar solucións axeitadas. Por elo propoñemos que se faga en diversas etapas:

### **Inicial** (1º Trimestre)

Na enquisa sobre novas tecnoloxías do curso 2008-09 detectouse a necesidade de formación sobre programas de autor e multimedia que tiña o profesorado do Centro. Por elo, ao comezo do curso terán lugar dous cursiños para mellora a nosa competencia nestes temas. Con posterioridade a eles farase unha nova enquisa que nos permita valorar o grado de satisfacción sobre o aprendido nestes meses.

### **Orientadora e autocorrectora** (2º Trimestre)

Co fin de valorar o percorrido realizado. Intentaremos saber se as TICs cambiaron a nosa forma de impartir as clases, e respecto aos alumnos, se ven utilidade no traballo coas TICs para o desenvolvemento dos seu aprendizaxe nas diversas materias.

Recolleremos tamén aquelas suxestións que permitan unha mellora nos medios materiais para pode engadir ao orzamento do vindeiro curso aquilo que se poda precisar.

### **Final.**

Realizaremos unha autoanálise para detectar fallos e comprobar si se acadaron os obxectivos finais.